



CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de agosto de 2022, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro de auga.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello de Antas de Ulla.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Antas de Ulla, 2 de setembro de 2022.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 2530

BARALLA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 12/2022, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 28 de xullo de 2022, cun importe que ascende a cantidade de 135.969,12 Euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

1	Gastos de persoal	1.020.145,22
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.119.769,05
3	Gastos financeiros	3.200,00
4	Transferencias correntes	82.800,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
6	Inversións reais	1.829.016,45
7	Transferencias de capital	20.000,00
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS		4.074.930,72

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, 2 de setembro de 2022.-O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2531

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 169.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público (BOP nº 179, de 6 de agosto de 2022), quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario da corrección do erro na Modificación do Anexo do Orzamento 2022, , en relación ao expediente de consolidación e estabilización de emprego, aprobado en sesión plenaria de data 28 de xullo de 2022, quedando dita modificación como segue a continuación:

PERSONAL LABORAL FIXO

Denominación do posto de traballo	Número de prazas	Situación
Operario de servizos múltiples.	1	En propiedade
Traballadora social.	1	En propiedade
Técnico/a Punto de Atención Infantil (xornada completa).	1	Vacante
Persoal de apoio Punto de Atención Infantil (xornada completa).	1	Vacante
PAZAS OBXECTO DE PROCESO E CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO:		
Auxiliares de axuda a domicilio (xornada completa).	11	Vacante
Axente de Emprego Local (xornada completa).	1	Vacante
Peón limpeza viaria (xornada completa)	1	Vacante

Engadir no cadro de FUNCIONARIOS o seguinte :

Denominación do posto de traballo	Número de prazas	Situación
PAZAS OBXECTO DE PROCESO E CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO:		
Auxiliar administrativo programa axuda domicilio (xornada completa).	1	Vacante
Auxiliar administrativo oficina Información Xuvenil e Biblioteca (xornada parcial.)	1	Vacante

Baralla, 2 de setembro de 2022.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2532

BARREIROS*Anuncio***CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO MONITOR/A DE DEPORTES. PERSONAL LABORAL TEMPORAL (FOMENTO DO EMPREGO 2022)**

Pola Xunta de Goberno Local do 23 de agosto de 2022 aprobanse as bases que rexerán a contratación por concurso-oposición dun posto de monitor/a de deportes, en réxime laboral temporal no concello de Barreiros ao abeiro do programa de Fomento do Emprego, incluído no Plan Provincial Unico de cooperación cos concellos 2022.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS NATURAIS a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de

Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da convocatoria: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal, na paxina web da Deputación de Lugo e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 2 de setembro de 2022.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 2533

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 31 de agosto de 2022, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xullo de 2022 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal e os padróns correspondentes ao 3º bimestre de 2022 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 12 de setembro ao 14 de decembro do 2022. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 31 de agosto de 2022.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2534

MURAS

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal do Concello de Muras do exercicio 2022 mediante transferencia de crédito

ANUNCIO

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 31 de agosto de 2022, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante transferencia de créditos entre partidas de distinto área de gasto por un importe de 30.096,00€

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Muras, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, 2 de setembro de 2022.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2535

A PASTORIZA

Anuncio

“Corrección de erros do anuncio publicado no BOP número 196 do sábado 27 de agosto de 2022 relativo ás bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de selección para a cobertura en propiedade dunha praza de operario de servizos múltiples do concello da Pastoriza, persoal laboral fixo.

Producido un erro no anuncio publicado no BOP número 196 do sábado 27 de agosto de 2022 relativo ás bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de selección para a cobertura en propiedade dunha praza de operario de servizos múltiples do concello da Pastoriza, persoal laboral fixo, na base 9, letra b). 1, onde di: “Por servizos prestados en empresas privadas, a razón de 0,50 puntos por cada mes completo de traballo”, debe decir: “Por servizos prestados en empresas privadas, a razón de 0,05 puntos por cada mes completo de traballo.”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Pastoriza 2 de setembro de 2022.-O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 2536